

# BENITO LOSADA:

## SOLAZAR-SE COA NATUREZA

Por EMÍLIO XOSÉ ÍNSUA

Pouco ou nada coñecida resultará para a maioria dos leitores a figura de Benito Losada Astray, un deses autores da literatura galega que se ven eclipsados na nosa consideración e interese por outros contemporáneos seus como Pondal, Curros, Lamas Carvajal ou, desde logo, a própria Rosalia. Trata-se, sen embargo, dun escritor moi apropiado para recoller nunha sección como esta, pois boa parte dos seus versos, como veremos, teñen a Natureza como motivo fundamental de inspiración.

**S**antiagués de nacemento (1824), Benito Losada cursou estudos de Medicina e pasou a exercer a sua profesión no seo do Exército. De ideas republicanas, Losada achegouse nos anos finais da sua vida ao núcleo rexionalista galego que lideraba Manuel Murguia na Coruña. Deste achegamento nace o seu libro *Soazes d'un vello*, editado na Coruña no ano 1886 facendo o quinto volume da "Biblioteca Gallega", que impulsaba Andrés Martínez Salazar. Segundo a sua propia explicación "Púxeno en fala gallega,/ n-a garrida lengoa nosa,/ porque lei sempre lle tiven/ e tereilla hasta que morra." O libro, que aparece cando o autor conta xa 62 anos de idade, foi loubado por Emilia Pardo Bazán, anque non deixase a ilustre condesa de criticar certos poemas "picantes" por parecer-lle que atentaban contra a moral... Ainda escrebeu Benito Losada outra obra, *Contiños* (1888), tan popular que, segundo Couceiro Freijomil, alguns dos seus versos chegaron a imprimir-se nas caixas de mistos e nos libriños de papel de fumar da época...

A poesía de Losada é basicamente costumista e descriptivista e nela xoga un papel central a natureza. Ás veces, é o elemento sobre o que se basean as comparacións: "c'uns ollos negros más qu'as amoras madurecendo"; "labres vermellos como as xireixas son n-o seu tempo", etc. Noutras ocasións Losada bota man dalgun froito para agochar metaforicamente algunas referéncias de tipo erótico talvez demasiado "fortes" para a época, como no poema "O Figo":

"Que fose me dixeches  
aos figos d'o teu horto;  
iba de fame morto,  
un solo ti me deches.  
Comino: mais decraro  
e xuro canto digo,  
qu'estaba xa aquel figoro  
comesto d'un páxaro."

Semellante recurso é utilizado por Losada noutro poemiña titulado "N'a figueira", outravolta coa "picardia" sexual como fondo:



"Antonte pol-a miñán,  
a coller figos á eira  
foron Mariquiña e Xan.  
Ela subeus'á figueira  
E xan deitou-se n'o chan.  
Díxoll'ela -Vouch'a dar  
o millor, qu'o estou collendo.  
El, sin os ollos virar,  
respondeulle -Estouno vendo;  
mais non lle podo chegar."

Relacionado coa vivéncia amorosa está o poema "Non fales d'eso", peculiar por canto o mozo protagonista, que lle fai as beiras sen moito éxito a Rosa e que demanda dela un bico, non ten mellor recurso para convencé-la que poñer como exemplo a conduta desacomplexada e ceiba dos páxaros:

"¿Ves com'as rulas  
n'os ameneiros

## A NATUREZA NA LITERATURA

amorosiñas  
nos dan exemplo?  
¿Ves como axuntan  
os seus peteiros,  
e estánse dando  
bicos a centos?(..)"

A identificación do próprio escritor coa Natureza tamén inunda composicións como as tituladas "O Alcipreste" ou "Miñas penas". Na primeira, Losada establece un contraste entre un alciprés que plantou sendo rapaz (que é útil dando acobillo aos paxaros, non sofre doenzas e medra sen cesar cara ao ceo) e el mesmo, que vai vello, está triste e ve-se inútil. Na segunda, identifícase cun penedo do que brota auga:

"Decote vou chorar as coitas  
miñas  
Xunta un penedo onde manece  
auga,  
Que as pingas, a brincar sobre  
d'as herbas,  
Somellan meúdas bágoas.  
Penso qu'aquel penedo tamén  
sofre  
E sinte, coma min, as miñas  
ánseas;  
Que hai penas que hastr'as  
pedras amolecen,  
E choran a escoitalas."

Para gabar a fremosura e delicadeza de Dona Aurora (unha das protagonistas da lenda que o noso autor versifica co título de "Afrenta, daga e venera"), Benito Losada interrogaños desde o seu poema e fai-nos reparar en moitas manifestacións da natureza extremamente belas para así ponderarmos mellor as virtudes físicas da dama:

"Víchedes cando n-a tarde  
pons'o sol e as nubes doura?  
Víchedes d'orballo as pelras  
que d'os carabeles colgan?  
Víchedes a crara lua  
cando os mornos raios pousa  
d'o mare n-o limpo espello,  
n-as areas e n-as conchas?  
Non víchedes n-a curtiña,  
cabo d'a fonte que chora,  
os paxariños que trian,  
as anduriñas que voan?  
Non víchedel-os cogollos,  
cando arregañan, d'as rosas ,  
e o seu ulido esparexen  
n-oas airiños, que as arrolan?(..)"

Claro que, igual que a beleza ten como punto comparativo a natureza, tamén ocorre o próprio coa fealdade. Por iso, no poema "Por onde pecou", un crego aproveitado advirte á rapariga inxénuia de Luou da pinta que ten o demo con esta descripción propia dun "bestiário" medieval:

"Os demos teñen-che rabos  
e orellas com'as d'os gatos,  
as uñas com'os miñatos  
e son da color d'os pavos.  
Os ollos son doux tizóns,  
as bocas com'as d'os fornos;  
e teñen barbas e cornos  
máis longos que os d'os  
castróns."

Moitos anacos dos poemas de Losada responden ao que xenericamente se coñece como "exórdio primaveral", isto é, unha pequena introdución paisaxística que deseña case sempre unha paraxe idílica, marabillosa, aquilo que os latinos denominaban "*locus amoenus*" ("lugar ameno"). Acontece, por exemplo no poema titulado "Boa feira":

"Eran así com'as oito;  
moi ausente estaba o tempo,  
chiaban os paxariños,  
o sol douraba os penedos;  
entr'as herbas d'a cortiña  
rebule a auga d'un rego;  
sobr'a folla d'os carballos,  
d'as silvas,d-os castiñeiros,  
moitas pingotas d'orvallo,  
que de noite foi caendo,  
relocian, cuasemente  
como estrelas, dese lexos.  
Ó ver tan garrid'o campo  
¡pardiolas que daba xenio!(..)".

Outros exemplos destas descripcións temo-los nas composicións tituladas "Non fales d'eso" e "Boa tropezo", incluídas tamén en Soazes d'un vello:

"Millor paraxe  
non pode habelo;  
é-vos un campo  
tras d'uns penedos,  
onde hai, carballos  
chopos e texos,  
vimios e buxos,  
choróns, laureiros;  
moitos froitaes

grandes, pequenos,  
de cantas castes  
podás querelos.  
¿E de paxaros?.  
hai-nos a centos:  
Sirins, labercas,  
xílgaros, melros  
pombas,carrizos,  
pardillos, petos,  
curuxas, mouchos  
e lagarteiros."

"Era d'abril unha tarde  
ausente,prácida e morna,  
d'aquelas en que Natura  
sorri, rebrinca, relouca.  
outeiros, devesas, prados  
locindo están roupa nova;  
os froitaes todos teñen  
mais froles inda que follas.  
Soázans'os paxariños,  
brincan, cantan, trian, voan,  
e fan os niños c-as prumas  
e as herbas muchas  
qu'atopan(..)"


Mais, igual que a natureza inspira visións amenas, cando desata a sua fúria nas tormentas causa arrepiño xeral nas criaturas, como amosa Losada en "¡Probe pai!":

"Voaban espantadol-os  
morcegos,  
Fuxindo como tolos,  
Ó ver de cando en cando alá n-o  
Ceo  
Alumear un lóstrego.  
Queixábans'acochadas nos seus  
niños  
As curuxas e os mouchos;  
Os cans ond'os palleiros  
ouveaban,  
Ou xa ladraban roucos;  
Na corte rebrincaban os  
cuchiños

Como si foran xotos,  
E o gato xunt'o lume d'a lareira  
Rosmaba a eito, corcoband'o  
lombo."(..)

Se hai para Losada duas bisbarras galegas que reunan todos os encantos naturais imaxinábeis estas son Pontevedra e as terras regadas polo Ulla. Á cidade do Lérez adica o noso poeta a composición "Relembros de Pontevedra", premiada nos Xogos Florais de 1882, onde di:

"Alí, en vredas e camiños,  
soutos e veigas vizosas,



*A crebada serra do Pico Sagro, a que verseava Benito Losada, ten deaparecido pola extracción do seixo pola minería industrial.*

*A outra bisbarra que contou antaño coas loubanzas do poeta foi Pontevedra, mas que tanpouco hoxe goza de mellor saúde ambiental.*

vense rigueiros mansiños,  
paroleiros paxariños  
e nenas agarimosas.  
E, baixos dos castiñeirois,  
dos carballos e salgueirois,  
por verdes edras gardados,  
vénse muíños fariñeirois  
co-as presas bicand'os  
prados(..)"

Deste xeito, conclue Losada,  
"N'este mundo tan ruín.  
todo ser que nece e medra  
ten que se morrere ó fin;  
mais, quen morre en  
Pontevedra,  
deix'os osos n-un xardín".

Para a Ulla son os versos dos poemas "N'o campo" e "A estrela de Vedra", dos que reproducimos estes fragmentos:

"Despois d'adimirare  
o campo, onde verdexan  
dend'o piñeiró liño,  
d'o trigo hastr'as silveiras(..)  
entrei n-un longo souto  
d'un rigueiriño á veira.  
¡Que posto!.Non se pode  
topar millor na terra;  
quizais o Paraíso

**Érguese d'él n-unha banda  
ese xigante de pedra  
que chaman o Pico Sagro,  
e a sua crebada serra.(..)**

os galos e galiñas  
que lonxe cacarexan,  
os algueireiros grilos  
e os cans ladrar n-as  
eiras.

E oín triar os xílgarios,  
berrar con forza as pegas;  
os melros qu'asubían,  
e as rulas que se queixan.  
Todo esto qu'escoitaba  
con moita compracencia  
soábame n-a alma  
com'unha festa anxélica(..)

(..)e atopámonos nun vale  
que adimira a quen o vexa.  
Todo canto soñar poida  
n-o seu maxin o poeta,  
de garrido e de vizoso  
naquel corruncho s'encerra.  
Ten toxerias, viñas, soutos,  
piñeiraes e devesas;  
hortas, granxas, chousas, coutos,  
rigueiros, fontes e veigas.  
Por el pas'o rio Ulla  
bicando entrabbas veiras,  
xuncos, vímios, buxos, mirtos;  
lírios, fiúnchos e lesta.  
Alí non cae nunca a neve,  
nin d'o sol os lumes queiman,  
que de vran, coma d'inverno,  
o seu chan sempre verdexa.  
Érguese d'él n-unha banda  
ese xigante de pedra  
que chaman o Pico Sagro,  
e a sua crebada serra.(..)

Foi, pois, o noso autor Benito Losada outro galego namorado da natureza. Ante o seu espectáculo, o seu corazón e a sua mente entraban no terreo da transcendéncia, para concluir que:

(..)E recordando estoncés  
d'os campos a grandeza,  
d'os rios e d'os montes,  
pensei d'esta maneira:  
<Anque duvid'o home  
por más que adiant'a cencia;  
anque remexa sábeo  
os meolos d'a cabeza;  
por moito qu'o filósofo  
queime, estudiando, as cexas,  
a terra non se poido  
facer esla a si mesma.  
¡Non pode ser! ¡Bendita  
decote a Providencia  
que tal portento fixo!  
Chámese como queira>."

ventaxa non lle leva.  
Sentei-me naquel campo  
sobr'a miúda herba,  
máis fina qu'o veludo,  
máis mol que a manteiga,  
xuntandos'as miñas costas  
ó pé d'unha cerdeira  
que xa, por certo, tiña  
pintada-las xireixas(..)  
Alí non m'alembra  
das vilas a grandeza.  
Chegábanm'os ulidos  
d'os fiunchos e d'as nébodas  
d'a mirta, d'os mentrastres  
e a chichirita lesta;  
via, n'-os verdes campos  
e n-as follosas cercas,  
garridas froles brancas,  
mouradas e bermellas,  
azuadas e paxizas;  
xa grandes, xa pequenas.  
Vin escarabellos  
a fuchicar n-a terra,  
algúns saltóns brincando,  
as rans na lamigueira  
o priguiseiro sapo  
e as formiguiñas negras  
que d-un burato sailen  
ó tempo qu'outras entran.(..)  
Oíans'alí as mozas  
cantar moi preto, mentras  
apañan n-a cortiña  
pra darll'ó gando a herba;